

PROPOSTA DE ACORDO DA REDE TRAS A RUPTURA UNILATERAL DA CONFLUENCIA POR PARTE DE PODEMOS GALICIA

Cando na Coordinadora recibimos, con pesar, a noticia de que o compañeiro Xiao Varela decidira deixar a Corporación e poñer fin a unha etapa de traballo institucional, pensamos que co seu relevo se abriría unha oportunidade non buscada para reforzar á Marea Atlántica como ferramenta plural na conquista do dereito á cidade na Coruña. O escano vacante, en orde á lista electoral que presentamos nas municipais de maio de 2019, correspondíalle a Isabel Faraldo, ex-responsable local de Podemos Galicia, coa que nos puxemos en contacto ese mesmo día para darlle a benvinda e poñernos á súa enteira disposición, co ánimo de facilitar a súa aterraxe no grupo municipal e nas súas novas responsabilidades.

Lamentablemente, os plans de Podemos Galicia e os seus responsables na Coruña eran moi outros. Tal e como soubemos nos días sucesivos a través dos medios de comunicación, sen que mediase ningún tipo de negociación ou diálogo franco encamiñado a facilitar o encaixe da nova concelleira, pretendían recoller a acta para facer dela un uso espurio aproveitando un punto cego da normativa electoral española. Ese uso indebido, que constitúe toda unha fraude democrática, é o que se coñece como transfuguismo: apropiarse do escano e apartarse da candidatura á que pertence ese escano, deixando neste caso á Marea Atlántica cun edil menos en María Pita. Exactamente o mesmo que fixo Mónica Martínez Lema, ex-concelleira de Ciudadanos integrada no goberno municipal do PSOE tras un nomeamento irregular contra o que temos interposto recurso de reposición.

Isabel Faraldo concorreu ás eleccións locais do ano pasado na candidatura da Marea Atlántica. Coma o resto das persoas que integraban esa lista, fíxoo a título individual, cos avais que esixía o regulamento de primarias e previa sinatura do seu compromiso na defensa dos principios da Marea Atlántica e co cumprimento do seu Código Ético. A acta da que agora pretende facer un uso fraudulento correspóndelle, por tanto, á Marea Atlántica, non a Podemos Galicia. E por iso, de consumarse o anunciado, estaríamos diante do segundo caso de transfuguismo na Corporación da Coruña no que vai de mandato.

O mércores, tras coñecer o contido da comparecencia da propia Isabel Faraldo ante os medios, acompañada do responsable local de Podemos Galicia, José García Buitrón, a Coordinadora reuniuse de urxencia e fixo público un sintético comunicado instando á formación e ao seu secretario xeral, Antón Gómez-Reino, a rectificar e a poñerlle freo a unha operación que non só é unha estafa democrática, senón que dana a reputación do noso espazo político e debilitará, sen dúbida, a confianza da cidadanía. As máis de 25.000 persoas que nos deron o seu apoio nos últimos comicios non nos votaron para isto.

A tal hora, a rectificación que lle reclamamos á dirección de Podemos Galicia non se produciu, e seguimos sen recibir nin sequera unha explicación oficial sobre as razóns desta ruptura unilateral da confluencia por parte da formación e dos compromisos asumidos por Isabel Faraldo en 2019. Un silencio inadmisíbel.

Por todo isto, a Coordinadora propón á Rede a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Ratificar a posición manifestada pola Coordinadora no comunicado feito público na mañá do mércores 7 de outubro de 2020.

2.- Agradecer as múltiples mostras de apoio e solidariedade recibidas nos últimos días por parte de organizacións afíns e activistas do noso espazo político.

3.- Reprobar a actitude de Podemos Galicia e esixirlle á súa dirección, encabezada polo seu secretario xeral, unha rectificación inmediata.

4.- En caso de non producirse tal rectificación, esixirle a Isabel Faraldo a renuncia inmediata á acta de concelleira, para que esta poida ser asumida pola seguinte persoa da lista dentro da disciplina do grupo municipal da Marea Atlántica e de acordo cos compromisos asumidos por todos os candidatos e as candidatas.

5.- Reafirmar a nosa aposta pola Marea Atlántica coma un espazo plural e unha ferramenta política útil na loita polo dereito á cidade na Coruña.

Coordinadora da Marea Atlántica
8 de outubro de 2020